PROGRAMACIÓN DOCENTE DE DIDÁCTICA DA MÚSICA E DA LINGUAXE MUSICAL III

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015)

CURSO 2022-2023.

| **1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN** | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **DIDÁCTICA DA MÚSICA E DA LINGUAXE MUSICAL III (1º CUAD.)** | | | | | | | | | | |
| ESPECIALIDADE: | PEDAGOXÍA | | | | | | | | ITINERARIOS: | PED. XERAL E DA L.M. |
| CARÁCTER: | OBRIGATORIO | | | | | | | | TIPO DE CLASE: | COLECTIVA |
| DEPARTAMENTO: | PEDAGOXÍA | | | | | | | | XEFE DE DPTO.: | Adriana Cristina García García |
| CURSOS | 1º curso | | 2º curso | | 3º curso | | 4º curso | | COORDINADOR/A DA DISCIPLINA: | Adriana Cristina García García |
| CUADRIMESTRES | I | II | III | IV | V | VI | VII | VIII | Horas de clase semanais: | 4 |
| ECTS/CUAD. | | | | | | | 6 | | Observacións: | |
| DOCENTES: | NOME E APELIDOS | | | | | | | | EMAIL/TEL/WEB | TITORÍA |
| | Adriana Cristina García García | | | | | | | | aulamusicaldeadriana@gmail.com | Luns de 16:30 a 17:30 h |

| **2. DESCRITOR E COMPETENCIAS** | |
|---|---|
| DESCRITOR: Principios psicopedagóxicos da aprendizaxe da música. Desenvolvemento das capacidades musicais. Metodoloxía e planificación didáctica. Desenvolvemento e avaliación do proceso educativo. Análise dos diversos currículos de educación musical. Deseño de procedementos e estratexias de ensinanza-aprendizaxe | |
| COÑECEMENTOS PREVIOS: Os correspondentes as materias de Teoría da Educación I e II, Psicopedagoxía e Didáctica daLinguaxe Musical I e II. | |
| RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: Está relacionada con Didáctica da Linguaxe Musical I e II | |
| COMPETENCIAS TRANSVERSAIS: | 1, 4, 8, 12, 15 |
| COMPETENCIAS XERAIS: | 1, 2, 3, 4, 5, 10, 13, 18, 19, 22, 27 |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS: | 1, 2, 3, 5 |
| Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 | |

| **3. OBXECTIVOS** | |
|---|---|
| DESCRICIÓN | COMPETENCIAS RELACIONADAS |
| 1. Desenvolver os principios da psicopedagoxía xeral e a súa aplicación no ensino musical. | T12, T15, X: todos<br>E: todos. |
| 2. Propiciar unha actitude de análise e crítica respecto da teoría e a práctica educativas, encamiñadas á elaboración de ideas e xuízos propios, baseados no coñecemento da realidade. | Todos |
| 3. Adquirir un núcleo estruturado de saberes e técnicas, logrado por observación, vivencia e estudo, que teña directa conexión co futuro traballo profesional. | Todos |
| 4. Secuenciar os contidos rítmicos, melódicos, auditivos e teóricos do linguaxe musical no grao profesional. | Todos |
| 5. Conseguir unha conciencia clara da importancia da materia de linguaxe Musical nos estudos musicais. | T12, T15<br>X: todos<br>E: todos |
| 6. Coñecer os principios do ensino da linguaxe musical, nos cursos 1º e 2º do grao profesional de conservatorio. | Todos |
| 7. Construir repentes rítmicos, leccións de solfexo, exercicios de teoría, exercicios auditivos e ditados para 1º e 2º de linguaxe musical de grao profesional. | Todos |

| 4. CONTIDOS | | |
|---|---|---|
| TEMAS | DESCRITOR DE SUBTEMAS | SESIÓNS |
| 1. O currículo musical en etapas avanzadas | 1.1. Obxectivos xerais e didácticos, contidos e criterios de avaliación do 1º e 2º curso de Linguaxe Musical (Grao Profesional).<br>1.2. A música na educación secundaria. | 1 |
| 2. Ritmo. | 2.1. Fórmulas rítmicas coñecidas en novos contextos.<br>2.2. Novas fórmulas rítmicas dentro do sistema tradicional. Escrituras atípicas de fórmulas tradicionais.<br>2.3. Compases empleados no século XX. Cambios sistemáticos de compás.<br>2.4. Grupos de valoración especial en varios pulsos, en compases mixtos, en menos dun pulso, dentro doutros grupos de valoración especial...<br>2.5. Música sen compasear.<br>2.6. Grafías non convencionais.<br>2.7. Polirritmia e polimetría. | 3 |
| 3. Didáctica do ritmo. | 3.1. Condicións para o desenvolvemento da educación rítmica no Grao Profesional.<br>3.2. Exercicios de nivel profesional de desenvolvemento psicomotriz.<br>3.3. Procedementos metodolóxicos na etapa profesional da aprendizaxe.<br>3.4. Análise da progresión rítmica na etapa profesional.<br>3.5. Metodoloxía específica para os contidos rítmicos de Grao Profesional.<br>3.6. Criterios para a selección e creación de material didáctico. | 2 |
| 4. A teoría musical aplicada ó ensino musical profesional. | 4.1. Profundización de contidos teóricos: compases na música do século XX, intervalos compostos, nocións de harmonía, notas de adorno...<br>4.2. A notación musical<br>4.3. Música modal.<br>4.4. Acústica musical.<br>4.5. Sistemas de afinación.<br>4.6. Os instrumentos da orquesta.<br>4.7. O transporte.<br>4.8. Novas tendencias compositivas: música aleatoria, dodecafónica, serial, microtonal, electroacústica...<br>4.9. Novas grafías. | 3 |
| 5. Didáctica da teoría. | 5.1. Recursos didácticos para o ensino dos conceptos teóricos de Grao Profesional.<br>5.2. Criterios para a selección e creación de material didáctico.<br>5.3. A secuenciación de contidos teóricos no Grao Profesional. | 2 |
| 6. Didáctica da entoación | 6.1. Condicións para o desenvolvemento da educación vocal. A muda da voz.<br>6.2. A entoación en 1º e 2º de Grao Profesional: traballo de tódalas tonalidades maiores e menores, entoación de diferentes tipos de escalas, amplo uso das alteracións accidentais e dos intervalos aumentados e diminuídos, modalidade, atonalidade, exercicios de interválica pura…<br>6.3. Análise da progresión melódica nos cursos de Linguaxe Musical de Grao Profesional.<br>6.4. A educación vocal: criterios para a selección e creación de material didáctico no Grao Profesional. | 2 |
| 7. Didáctica da educación auditiva | 7.1. Aspectos rítmicos e melódicos. Exercicios monográficos: de identificación interválica, acordes, alteracións, etc..O dictado rítmico-melódico a una e dúas voces. Problemas que presenta a realización do dictado. Importancia no desenrolo da memoria musical. Recursos didácticos.<br>7.2. O timbre. Recoñecemento auditivo dos diferentes instrumentos. Identificación auditiva de distintas combinacións instrumentais. A audición e o dictado tímbricos. Recursos didácticos.<br>7.3. A escoita polifónica. O acorde. As cadencias. Contrapunto. O adestramento da percepción e recoñecemento das harmonías básicas e das diferentes cadencias. Recursos didácticos.<br>7.4. A audición da obra musical: adestramento da percepción e recoñecemento dos aspectos básicos da obra escoitada e desenvolvemento da memoria. Recursos didácticos.<br>7.5. Analise da progresión auditiva no 1º e 2º curso de Grao Profesional.<br>7.6. Criterios para a selección e creación de material didáctico.<br>7.7. A audición da obra musical: adestramento da percepción e recoñecemento dos aspectos básicos da obra escoitada e desenvolvemento da memoria. Recursos didácticos: o musicograma… A creatividade. | 2 |
| 8. As novas tecnoloxías na aula de Linguaxe Musical. | 8.1. Principais ferramentas de autor para a creación de recursos dixitais.<br>8.2. Novas tecnoloxías para a avaliación. | 1 |
| | TOTAL SESIÓNS: | 16 |

| 5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA | | | |
|---|---|---|---|
| TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN | HORAS PRESENCIAIS | HORAS NON PRESENCIAIS | TOTAL HORAS |
| Exposición maxistral | 40 | | 40 |
| Práctica individual (estudo) | | 30 | 30 |
| Práctica colectiva | 21 | | 21 |
| Secuenciación de contidos | | 16 | 16 |
| Composición de repentes rítmicos, ditados, exercicios teóricos e leccións de entoación | | 55 | 55 |
| Portafolios | | 15 | 15 |
| Titorías | 1 | | 1 |
| Actividades de avaliación | 2 | | 2 |
| | | TOTAL HORAS: | 180 |

| 6. AVALIACIÓN | | | |
|---|---|---|---|
| FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | COMPETENCIAS AVALIADAS | PONDERACIÓN |
| **6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA** | | | |
| 6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA) | | | |
| Proba escrita | Memorización e asimilación dos contidos referidos nesta programación. | T8, X (todas), E(todas) | 20% |
| Práctica individual | **Rexistro** e **valoración dos traballos** realizados polo alumno, así como da exposición dos mesmos na aula en canto a presentación, corrección na expresión oral e escrita e manexo da terminoloxía da linguaxe musical. Destreza expositiva.<br><br>Os traballos serán os seguintes:<br><br>Análise dun método de Linguaxe Musical para os cursos 1º e 2º de Grao Profesional, en relación cos aspectos rítmicos, teóricos, melódicos e auditivos. Exposición, e posterior debate sobre as conclusións extraídas.<br><br>Elaboración dun tema de teoría musical e realización dunha clase práctica sobre o mesmo tema, adaptada aos alumnos dun curso de Linguaxe Musical de Grao Profesional (1º ou 2º)<br><br>Realización de 18 dictados rítmico-melódicos (3 por trimestre de cada curso) correspondentes ao desenvolvemento de cada curso de Linguaxe Musical de Grao Profesional (1º e 2º). Ademais realizaranse 6 exercicios de adestramento auditivo que non sexan dictados, (1 por trimestre e curso).<br><br>Composición de seis repentes rítmicos, un por trimestre de cada curso, nos que se resuman as dificultades máis características dese nivel e momento de 1º e 2º curso de Grao Profesional da materia de Linguaxe Musical.<br><br>Proposta de seis exames teóricos, un por trimestre de cada curso, nos que se reúnan as dificultades máis características dese nivel e momento de 1º e 2º curso de grao profesional da materia de Linguaxe Musical.<br><br>Composición de dúas leccións de entoación (unha por curso) con acompañamento pianístico, nas que se resuman as dificultades máis características de cada curso de Grao Profesional da materia de Linguaxe Musical (1º e 2º)<br><br>Creación dun cuestionario con Plickers e dun libro dixital con EdiLIM. | T1, X(todas), E(todas) | 40% |
| Práctica colectiva | Realización de tarefas didáctico-musicais a través de traballo en equipo. Propostas adecuadas de composicións que correspondan a uns obxectivos e contidos determinados. | T8, X(todos), E(todos) | 10% |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Participación nas postas en común sobre os contidos sinalados, demostrando un certo grao de sentido crítico e de análise, avalado pola lóxica e polos saberes adquiridos, na defensa das opinións. | | |
| Portafolios | Colección sistemática do traballo: revisións, auto-análise, reflexións, ideas principais dos contidos, conclusións do traballo en equipo, síntese da pescuda de información, exercicios, dúbidas resoltas, apuntes, reseñas e comentarios de fontes, composicións, propostas, exemplos musicais, estudo de métodos…. | T1, T4, T12<br>X (todos)<br>E (todos) | 20% |
| Asistencia presencial | Participación de forma activa en clase, preguntando cantas dúbidas preséntenllenos e propondo tódolos proxectos que se nos ocorran, sexan grandes ou pequenos. | T8<br>X (todos)<br>E (todos) | 10% |
| 6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO) | | | |
| Proba escrita | Memorización e asimilación dos contidos referidos nesta programación. | Todas | 40% |
| Práctica individual | **Rexistro** e **valoración dos traballos** realizados polo alumno, así como da exposición dos mesmos na aula en canto a presentación, corrección na expresión oral e escrita e manexo da terminoloxía da linguaxe musical. Destreza expositiva.<br><br>Os traballos serán os seguintes:<br><br>Análise dun método de Linguaxe Musical para os cursos 1º e 2º de Grao Profesional, en relación cos aspectos rítmicos, teóricos, melódicos e auditivos. Exposición, e posterior debate sobre as conclusións extraídas.<br><br>Elaboración e defensa oral dunha proposta persoal sobre o proceso e planificación que se seguiría no ensino dos diferentes bloques de contidos: ritmo, entoación, audición e teoría, no grao profesional (1º e 2º).<br><br>Elaboración dun tema de teoría musical e realización dunha clase práctica sobre o mesmo tema, adaptada aos alumnos dun curso de Linguaxe Musical de Grao Profesional (1º ou 2º)<br><br>Realización de 18 dictados rítmico-melódicos (3 por trimestre) correspondentes ao desenvolvemento de cada curso de Linguaxe Musical de Grao Profesional (1º e 2º). Ademais realizaranse 6 exercicios de adestramento auditivo que non sexan dictados, (1 por trimestre e curso).<br><br>Composición de seis repentes rítmicos, un por trimestre, nos que se resuman as dificultades máis características dese nivel e momento de 1º e 2º curso de Grao Profesional da materia de Linguaxe Musical.<br><br>Proposta de seis exames teóricos, un por trimestre, nos que se reúnan as dificultades máis características dese nivel e momento de 1º e 2º curso de grao profesional da materia de Linguaxe Musical.<br><br>Composición de dúas leccións de entoación (unha por curso) con acompañamento pianístico, nas que se resuman as dificultades máis características de cada curso de Grao Profesional da materia de Linguaxe Musical (1º e 2º)<br><br>Creación dun cuestionario con Plickers e dun libro dixital con EdiLIM. | Todas | 60% |
| 6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA CON MÁIS DE CATRO FALTAS) | | | |
| Proba escrita | Memorización e asimilación dos contidos referidos nesta programación. | Todas | 40% |
| Práctica individual | Os traballos serán os seguintes:<br><br>Análise dun método de Linguaxe Musical para os cursos 1º e 2º de Grao Profesional, en relación cos aspectos rítmicos, teóricos, melódicos e auditivos, <u>sinalando a sucesión progresiva das dificultades en cada campo.</u><br><br>Elaboración e defensa oral dunha proposta persoal sobre o proceso e planificación que se seguiría no ensino dos diferentes bloques de contidos: ritmo, entoación, audición e teoría, no grao profesional (1º e 2º), | Todas | 60% |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | especificando a temporalización por cursos e trimestres.<br><br>Elaboración dun tema de teoría musical e realización dunha clase práctica sobre o mesmo tema, adaptada aos alumnos dun curso de Linguaxe Musical de Grao Profesional (1º ou 2º)<br><br>Realización de 18 dictados rítmico-melódicos (3 por trimestre) correspondentes ao desenvolvemento dun curso de Linguaxe Musical de Grao Profesional (1º e 2º). Ademais realizaranse 9 exercicios de adestramento auditivo que non sexan dictados, (3 por trimestre).<br><br>Composición de seis repentes rítmicos, un por trimestre, nos que se resuman as dificultades máis características dese nivel e momento de 1º e 2º curso de Grao Profesional da materia de Linguaxe Musical.<br><br>Proposta de seis exames teóricos, un por trimestre, nos que se reúnan as dificultades máis características dese nivel e momento de 1º e 2º curso de grao profesional da materia de Linguaxe Musical.<br><br>Composición de seis leccións de entoación con acompañamento pianístico, nas que se resuman as dificultades máis características dese nivel e momento dun curso de Grao Profesional da materia de Linguaxe Musical (1º e 2º)<br><br>Creación dun cuestionario con Plickers e dun libro dixital con EdiLIM. | | |
| **6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA** | | | |
| Proba escrita | Memorización e asimilación dos contidos referidos nesta programación. | Todas | 40% |
| Práctica individual | Os traballos serán os seguintes:<br><br>Análise dun método de Linguaxe Musical para os cursos 1º e 2º de Grao Profesional, en relación cos aspectos rítmicos, teóricos, melódicos e auditivos, sinalando a sucesión progresiva das dificultades en cada campo.<br><br>Elaboración e defensa oral dunha proposta persoal sobre o proceso e planificación que se seguiría no ensino dos diferentes bloques de contidos: ritmo, entoación, audición e teoría, no grao profesional (1º e 2º), especificando a temporalización por cursos e trimestres.<br><br>Elaboración dun tema de teoría musical e realización dunha clase práctica sobre o mesmo tema, adaptada aos alumnos dun curso de Linguaxe Musical de Grao Profesional (1º ou 2º)<br><br>Realización de 18 dictados rítmico-melódicos (3 por trimestre) correspondentes ao desenvolvemento dun curso de Linguaxe Musical de Grao Profesional (1º e 2º). Ademais realizaranse 9 exercicios de adestramento auditivo que non sexan dictados, (3 por trimestre).<br><br>Composición de seis repentes rítmicos, un por trimestre, nos que se resuman as dificultades máis características dese nivel e momento de 1º e 2º curso de Grao Profesional da materia de Linguaxe Musical.<br><br>Proposta de seis exames teóricos, un por trimestre, nos que se reúnan as dificultades máis características dese nivel e momento de 1º e 2º curso de grao profesional da materia de Linguaxe Musical.<br><br>Composición de seis leccións de entoación con acompañamento pianístico, nas que se resuman as dificultades máis características dese nivel e momento dun curso de Grao Profesional da materia de Linguaxe Musical (1º e 2º)<br><br>Creación dun cuestionario con Plickers e dun libro dixital con EdiLIM. | Todas | 60% |
| Observacións:<br>Para ser avaliados os alumnos deberán entregar tódolos traballos e obter alomenos un cinco en cada apartado (en tódalas convocatorias e modalidades de avaliación). | | | |

| 7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS | |
|---|---|
| DESCRICIÓN | CRITERIOS E PAUTAS |
| Deberanse cumplir as disposicións vixentes no marco do establecido no *Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.*<br><br>Asimesmo terase en conta a *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.* | Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación. |

**8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS**


- ARAVAL (grupo). *Temas de Lenguaje musical.* Ed. Piles.
- ARAVAL (grupo). *Lenguaje Musical.* Ed. Piles.
- ASESORES PEDAGÓGICOS DE ENCLAVE CREATIVA. *Dictados.* Encalve creativa ediciones.
- CAÑADA, P.; LÓPEZ, A.; MOLINA, E. *Cuaderno de audición.* Enclave creativa ediciones.
- COBO GÓMEZ, A. *Iniciación Coral.* Ed. Nueva Carisch España / Real Musical.
- COOPER, G. Y MEYER, L. B. *Estructura rítmica de la música.* Ed. Idea Books, S. A. Colección Idea Música.
- COSTA, E.; MORENO, A. *Cuaderno de dictados.* Ed. Mundimúsica ediciones.
- FRAISSE, P. *Psicología del ritmo.* Editorial Morata.
- FUENTES, P. Y CERVERA, J. *Pedagogía y Didáctica para Músicos.* Ed. Piles.
- GALOFRÉ MORA, E. Y GALOFRÉ MORA, F. *Lenguaje Musical.* Ed. Dinsic.
- GARRIGÓS GARCÍA, R. M. *Entonando.* Ed. AB Música Ediciones Musicales
- GIL PÉREZ, M., IGLESIAS GONZÁLEZ, J. Y ROBLES OJEDA, G. *Lenguaje Musical Rítmico.* Si bemol ediciones.
- GIL PÉREZ, M., IGLESIAS GONZÁLEZ, J. Y ROBLES OJEDA, G. *Lenguaje Musical Melódico.* Si bemol ediciones.
- GRABNER, H. *Teoría general de la música.* Editorial Akal.
- LÓPEZ DE ARENOSA, E. *Apuntes sobre didáctica musical.* Enclave creativa.
- LÓPEZ DE ARENOSA, E. *Ritmo y lectura.* Ed. Nueva Carisch España/Real Musical.
- LÓPEZ DE ARENOSA, E. *Ritmo y Palabra.* ED. Real Musical.
- LÓPEZ DE ARENOSA, E. *Educación auditiva. Lenguaje Musical.* Enclave creativa ediciones.
- LÓPEZ DE ARENOSA, E. *Dictado Musical melódico.* Ed. Real Musical.
- LÓPEZ, A. Y MOLINA, E. *Cuadernos de Teoría.* Enclave creativa ediciones.
- MAYOR IBAÑEZ, A. Y PEDRO CURSÁ, D. *Nuevos cuadernos de teoría.* Real Musical.
- MAYOR IBAÑEZ, A. Y PEDRO CURSÁ, D. *Coro.* Ed. Rivera Mota.
- MAYOR IBAÑEZ, A. Y PEDRO CURSÁ, D. *Cuadernos de Lenguaje.* Real Musical.
- MAYOR IBAÑEZ, A. Y PEDRO CURSÁ, D. *Cuadernos de Audición.* Real Musical.
- MOLINA, E., ARIÑO, M. P., FERNÁNDEZ, D. Y RONCERO, M. A. *La improvisación en el Lenguaje Musical.* Ed. Real Musical.
- MOLINA, E. Y RONCERO, M.A. *Lenguaje Musical.* Enclave creativa Ediciones.
- MOLINA, E.; ARROYO, I.;NAVARRO, M.D.; RIVAS, S. *Coro.* Enclave creativa ediciones.
- MUÑOZ RUBIO, E.; MANCHADO TORRES, M. *Entonación para el siglo XXI.* Mundimúsica ediciones.
- NAVARRETE PORTA, A. M. *Lectura rítmica.* Sociedad Didáctico Musical.
- NAVARRETE PORTA, A. M. Y MORENO BUENDÍA, M. *El lenguaje de la Música.* Ed. Sociedad Didáctico Musical.
- NAVARRETE PORTA, A. M.; AUSEJO FERNÁNDEZ, C. *Canta, canta. Lenguaje creativo a dos voces.* Ed. Música Didáctica.
- NAVARRETE PORTA, A. M. y otros. *Lecciones de solfeo.* Sociedad Didáctico Musical.

- NAVARRETE PORTA, A. M. y otros. *Lectura cantada.* Sociedad Didáctico Musical.
- PEDRO, D. de, *Teoría completa de la música.* Real Musical.
- PERANDONES, M.A. *Nueva metodología del lenguaje musical.* Mundimúsica ediciones.
- ROBLES OJEDA, G. *Nuevo Lenguaje Musical.* Si bemol ediciones.
- ROBLES OJEDA, G. *Dictados.* Si bemol ediciones.
- RONCERO GÓMEZ, V. *Andante. Lenguaje Musical.* Ed. Rivera Mota.
- SIERRA. F. *El Lenguaje Musical.* Ed. Real Musical.
- SIERRA, F. *El lenguaje musical en canciones populares a dos voces.* Ed. Real Musical.
- SIERRA, F. *Para cantar. Lenguaje Musical.* Mundimúsica ediciones.
- SIERRA, F. *Lecciones de entonación*. Ed. Real Musical.
- TEMES, J. L. *Tratado de solfeo contemporáneo.* Ediciones línea.
- ZAMORANO DONOSO, A. *Lenguaje Musical.* Edilog.
- ZAMORANO DONOSO, A. *Nuevos dictados progresivos.* Mundimúsica ediciones.
- ZAZPE TORRES, P. J. *Articulaciones rítmicas.* Ed. Música Mundana.